

PROPOSTAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA COMPETENCIA COMUNICATIVA EN TODAS AS ÁREAS

GT *Estratexias para o desenvolvemento da CCL*

“E como as palabras son as que conservan e transmiten as ideas, resulta que non se pode perfeccionar a Lingua sen perfeccionar a Ciencia, nin a Ciencia sen a Lingua”

A. Lavoisier (1789)

1. Cuestións previas
2. [A Competencia en Comunicación Lingüística](#)
3. [Como podemos contribuír todos ao seu desenvolvemento](#)
4. [Que indicadores de avaliación podemos compartir](#)
5. [Medidas necesarias: as nosas propostas](#)

1. Cuestións previas

As competencias esíxennos ir máis alá dun ensino compartimentado en áreas ou materias -pois o seu desenvolvemento é responsabilidade de todos nós- para poder adoptar decisións metodolóxicas de maneira consensuada e compartida. Tras iniciar ese camiño a respecto da Competencia en comunicación lingüística os Departamentos de Linguas, este grupo de traballo quere abrir ese proceso ao resto do profesorado, para o cal presenta estas reflexións e propostas básicas.

Aínda que non sinala unha metodoloxía única, o traballo das competencias supón priorizar a aprendizaxe activa fronte o ensino transmisivo. Tal orientación concrétese na práctica da aula de diferentes maneiras: tarefas, proxectos, secuencias de investigación... Mais sempre de acordo cuns principios metodolóxicos subxacentes, tales como:

Motivar cara ao obxecto de aprendizaxe: dar a coñecer os obxectivos, propoñer metas...

Xerar estratexias participativas: negociar retos, presentar as aprendizaxes...

Implicar o alumnado en tarefas con sentido relacionadas coa vida real: encarreirar a aplicación do coñecemento, dar a oportunidade de explorar e interpretar...

Favorecer a autonomía da aprendizaxe: limitar e resituar o uso de métodos transmisivos, modificar os papeis do profesorado e do alumnado...

Determinar o emprego de fontes de información diversas, máis alá do libro de texto.

Favorecer o uso integrado e significativo das TIC: utilizar recursos didácticos para a construción de coñecemento e ferramentas para a comunicación...

Impulsar a funcionalidade do aprendido fóra do ámbito escolar: favorecer a relación entre as diferentes materias, implicar socialmente, publicar as producións...

Favorecer a comunicación oral e escrita do aprendido: comunicar procesos, producións e conclusións, impulsar a interacción entre iguais para construír o coñecemento...

Impulsar a avaliación formativa: crear situacións de autorregulación, dar a coñecer os criterios de avaliación, potenciar a autoavaliación...

Deste xeito, os procesos comunicativos son aínda máis decisivos. Aprender unha materia supón saber falar e escribir acerca dela e, máis alá do dominio do léxico específico, é responsabilidade de todas as áreas mellorar a comprensión e produción de textos (propios de cada materia), tanto orais como escritos.

Ademais, a interacción oral é un factor fundamental para promover a aprendizaxe e favorecer a construción de coñecemento compartido. Daquela, debemos promover desde todas as áreas e de xeito consensuado a creación de espazos, momentos, actividades e tarefas que faciliten o diálogo, a discusión, o intercambio de ideas, a análise de problemas, a elaboración de plans, etc. para posibilitar a modificación dos esquemas de coñecemento.

De por parte, o traballo de técnicas que favorezan a organización e recuperación da información -resumos, esquemas, mapas conceptuais- e os procesos de produción -planificación da escrita, xestión dos recursos da aula, da biblioteca e da rede, revisión constante, valoración dos resultados- favorecen a adquisición de habilidades para a aprendizaxe. A reflexión sobre o traballo, contando oralmente ou por escrito o proceso seguido, contribúe á mellora das habilidades metacognitivas.

En suma, a linguaxe é o instrumento mediador da aprendizaxe por excelencia. É evidente que o discurso de cada disciplina se constrúe cando se manexan as ideas para seren presentadas ou explicadas aos demais. Se non se é capaz de expresar unha idea para que outros a entendan, o nivel de comprensión será pouco significativo. Aprendendo a expresar as ideas, vanse construíndo.

Por último, o coidado da lingua foméntase tamén se se lles dá unha proxección exterior ás creacións do alumnado: charlas para outros niveis, publicación na revista do Centro, publicación en espazos da rede propios, exposicións, etc.

2. A competencia en comunicación lingüística

De maneira esquemática, esta competencia refírese ao uso da linguaxe como instrumento para:

- a comunicación en diferentes ámbitos sociais
- a representación e comprensión da realidade, así como para a acción crítica
- a reflexión e a construción de coñecemento, a procura e manexo de información
- a autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta, a resolución de conflitos e a convivencia

Implica:

- a) **Comprensión de textos:** a lectura como fonte de coñecemento, habilidades para buscar, recompilar e procesar información.
- b) **Composición de textos:** creación de distintos tipos de textos con intencións comunicativas e creativas diversas.
- c) **Interaccións orais:** escoita, exposición e diálogo con consciencia dos principais tipos de interacción social e das regras propias do intercambio en diferentes situacións para adecuar o discurso.
- d) **Reflexión sobre a lingua:** funcionamento da linguaxe e das normas de uso da lingua.

A competencia comunicativa comprende cinco destrezas básicas (falar, escoitar, ler, escribir, interaccionar) e varias compoñentes:

discursiva e textual (captar intencións e actitudes, integrar os significados en ideas globais,

organizar a información de acordo cos esquemas do xénero, conectar as partes...)

lingüística (identificar significados, usar con corrección o código segundo as normas gramaticais, ortográficas...)

sociolingüística (dominio dos rexistros, normas de cortesía...)

estratéxica (mellorar a efectividade da comunicación, ter recursos para resolver problemas)

Un desenvolvemento suficientemente amplo destas subcompetencias supón asumir os principios metodolóxicos antes enunciados. Así, por exemplo, na comprensión textual un enfoque centrado na memorización e o traballo mecánico só pode atender as habilidades vinculadas coa *recuperación da información*, pero non desenvolverá as implicadas na *comprensión global* ou na *interpretación e reelaboración de textos*.

Así, convén preguntarse ao respecto desde cada departamento:

Que fontes de información empregamos? Que tipos de actividades realizamos para obter e tratar a información?

Que xéneros textuais ten que compoñer o alumnado para construír e comunicar os coñecementos? Que axudas lle proporcionamos para aprender a compoñelos?

Que papel xoga o uso oral como medio para a planificación e a regulación das tarefas? E para a comunicación das aprendizaxes?

Como coordinamos o ensino das destrezas comunicativas coas outras áreas?

3. Como podemos contribuír todos ao desenvolvemento da Competencia en comunicación lingüística

Se esta competencia se refire aos usos da lingua para interpretar e expresar conceptos, pensamentos, feitos, opinións... oralmente e por escrito e mais para interactuar en diferentes contextos sociais, parece evidente que é preciso priorizar a linguaxe na súa vertente comunicativa e de construción do coñecemento.

Cumprirá, entón, que o alumnado planifique, elabore, revise e presente diferentes tipos de texto, que prepare exposicións orais formais, que siga secuencias de traballo de análise, investigación e produción. Mediante:

- Tarefas que impliquen buscar, recompilar, comprender, analizar e contrastar diversas informacións segundo uns obxectivos de lectura.
- Tarefas nas que o alumnado exprese e interprete -de forma oral e escrita- pensamentos, vivencias, opinións e creacións usando un rexistro lingüístico adecuado e dotando os seus discursos da coherencia e cohesión necesarias.
- Tarefas nas que deban formular e defender argumentos propios dun xeito convincente e adecuado á situación.
- Tarefas que integren a planificación, realización e revisión de textos: xeración de ideas, organización, elaboración de borradores, revisión do elaborado, etc.
- Tarefas para comunicar, compartir e avaliar os coñecementos.

O profesorado debe facer visibles as estratexias necesarias para a comprensión, contextualizar e dar sentido ás tarefas (facemos isto para...) e guiar os procesos de composición.

Para unha maior efectividade, convén que traballemos as destrezas básicas de xeito coordinado. Propoñemos as seguintes BASES.

3.1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS

En primeiro lugar, non podemos reducir o traballo con textos á dimensión escrita. É importante incorporar fontes e tipoloxías textuais orais variadas: programas de radio e televisión (crónicas, noticias, documentais, reportaxes...), montaxes audiovisuais (vídeos, material multimedia, películas...), discursos (charlas e conferencias), anuncios publicitarios...

En segundo lugar, ben sabemos todos que ensinar estratexias de comprensión nas distintas disciplinas significa dedicar tempo a facerse preguntas, apreciar razóns, valorar exemplos, discutir, etc. As palabras e expresións conceptuais só teñen sentido se se constrúen as bases dese coñecemento.

En terceiro lugar, a comprensión precisa dun ensino explícito, do modelado por parte do/a profesor/a, avanzando cara ao uso compartido das estratexias e a progresiva autonomía.

Alén diso, as situacións educativas que incitan á lectura de textos variados por razóns auténticas (cunha finalidade dentro dun proxecto) poden potenciar os procesos de comprensión. Aínda que sexa a simple elaboración de presentacións atractivas de termos significativos da área (con exemplos e información relevante, imaxes...).

3.1.1. Principais estratexias de comprensión

a) Para prepararse

É importante realizar actividades (orais e breves) para contextualizar o texto, activar os coñecementos previos e anticipar o que se vai comprender.

1. A partir dalgún título, explicar de que tratará o texto.
2. A partir de imaxes relacionadas co texto, explicar como será a historia, etc.
3. Coñecendo a última frase, conxecturar sobre o que pode ocorrer para chegar a ese desenlace.
4. Tras presentar previamente o tema, facer unha lista de palabras que aparecerán no texto.
5. A partir doutros datos relevantes (autor, destinatario...), anticipar máis detalles do texto (intención, ideas principais, ton, contido).

b) Para comprender

Tarefas que se formulan antes de empezar a ler e que se realizan despois da lectura.

1. Tests. Responder preguntas sobre o texto, que poden ter formatos variados: pregunta aberta, elección múltiple, afirmación certa ou falsa... Para evitar a resposta automática, non se deben reproducir nas preguntas as expresións do texto e procuraremos a inferencia e a captación das relacións entre as partes.

2. Ordenar un conxunto de oracións que reproducen ideas do texto, para identificar a organización do contido.

3. Relacionar fragmentos do texto con diversos elementos, como ideas xerais, debuxos ou fotos...
4. Subliñar as ideas do texto individualmente, logo en parellas, ao final colectivamente co/a profe.
5. Transferir datos e ideas. Realizar ou completar un esquema (xerarquía, diagrama, mapa de ideas...) que recolla o contido do texto.
6. Poñer subtítulos, como un achegamento ás ideas principais.
7. Escoller razoadamente o mellor resumo do texto entre os ofrecidos.
8. Realizar inferencias: discutir as causas dalgún suceso, procurar a conclusión á que levan varias razóns, identificar as xeneralizacións.
9. Relacionar a lectura con outros textos e experiencias previas.
10. Opinións persoais. Explicar razoadamente as ideas que gustan ou coas que se está de acordo.
11. Expandir o texto. Facer suposicións sobre como sería o texto ou que pasaría se cambiase algunha variable (lugar, momento, situación, etc.).

c) Para reler e interpretar

Existen varios niveis de comprensión: podemos ler simplemente as liñas (o literal), entre liñas (o implícito) e detrás das liñas (a ideoloxía, os valores e presupostos). Para chegar a este terceiro nivel:

1. Que(n) será o autor? A partir da lectura atenta, conxecturar se o autor/a é... machista ou feminista, ecoloxista, profesional, etc.
2. Identificar as oracións que xustifican unha idea, opinión ou valoración.
3. Formular preguntas sobre varios aspectos do texto: argumentos pouco claros, razoamentos incomprensibles, dúbidas, etc.
4. Textos paralelos. Comparar textos referidos ao mesmo feito ou tema, como unha noticia en periódicos diferentes ou dúas biografías dun mesmo personaxe. Débense contrastar e inferir a ideoloxía, principais diferenzas, puntos de vista, intereses, etc.

[Máis opcións, [aquí](#)]

3.1.2. Algunhas claves

A estrutura dos textos

- Reflexión e análise conxunta (profesor-alumnado) dos textos empregados.
- Nos expositivos, evidencia da estrutura:
 - analizante ~ dedutiva (idea ou definición + explicación e/ou exemplificación)
 - sintetizante ~ indutiva (exemplos ou casos particulares + conclusión ou síntese);
 - e mostra da relación entre os elementos: lóxica (causa-efecto; problema-solución), cronolóxica, etc.
- Nos argumentativos, de igual xeito, segundo a presenza de tese e argumentos.

O subliñado

- Combinación da práctica individual coa colectiva.
- Selección da información relevante. Preferencia dos substantivos e verbos.

O resumo

- De forma oral e escrita, de textos escritos, exposicións, documentais, vídeos, etc.

- Modelado con bos resumos de referencia.
- Extensión: un parágrafo, aproximadamente o 20% do texto.
- Recolleita da información fundamental, sen detalles nin exemplos nin anécdotas.
- Uso dunha linguaxe propia, sen reproducir o texto.
- Cohesión: non é un simple listado, hai que cohesionar o resumo enlazando as distintas oracións co uso dos conectores que esixa o texto (de adición, de énfase, de causa, etc.) e tamén con procedementos de repetición e substitución de información (por exemplo, expresións como *Esta realidade*, *Este feito...*).
- No caso dos textos argumentativos débese desvelar a tese e, brevemente, a liña argumental que conduce ata ela.
- Non se debe incluír en ningún caso interpretación valorativa ou opinión propias.
- Serven as macrorreglas:
 - **de selección (ou supresión)**: selecciónase no texto, cando está explícita, a proposición que é unha condición necesaria para poder interpretar o resto.
 - **de xeneralización**: dada unha secuencia de proposicións, substitúense os conceptos incluídos nela por un concepto que inclúe os demais.
 - **de integración**: unha secuencia de proposicións reemprázase por unha proposición nova, xa que aquelas constitúen as partes dun concepto máis amplo.

O tema do texto.

- Extensión: unha oración non longa (sobre unha liña).
- Recolleita da idea que integra e dá coherencia a toda a información. Incluirá o asunto do texto máis a intención do emisor.

Os esquemas e mapas conceptuais

Son instrumentos para organizar e representar o coñecemento. Hai mellores resultados se se empregan de forma sistemática.

Esquema de ideas

- Enumeración das ideas e conexión xerárquica entre elas.
- Calquera fórmula (chaves, cifras...) que permita distribuír espacialmente as ideas e favorecer a percepción visual da organización do contido do texto.
- Cada idea principal encabeza un apartado, que se completa coas secundarias relacionadas.
- Pode abondar con prescindir dos detalles e da información complementaria ou redundante para logo recoller o subliñado (regra de selección). Mais, normalmente a idea principal dos parágrafos non está nun fragmento concreto, non está explícita, e hai que elaborala. Para iso, empregaremos a regra de xeneralización (substituír unha serie de palabras ou ideas por outra máis ampla) ou a de integración (crear unha idea a partir de fragmentos enunciados).

Mapas conceptuais

- O obxectivo é recoller os conceptos e elementos do texto, que irán dentro de cadros (círculos ou recadros), e relacionalos por medio de palabras de enlace que mostran a conexión existente e que acompañan as liñas (e frechas). Esa conexión permite formar proposicións.
- Pártese do tema do texto e síguese a organización de xeito xerárquico, do xeral ao específico. Así, os conceptos máis xerais e inclusivos aparecen na parte superior e os máis específicos na inferior.
- Outra importante característica dos mapas é a inclusión de enlaces cruzados, que son relacións entre conceptos que pertencen a diferentes partes, o que permite apreciar a superestrutura do texto.
- Permiten detectar os denominados *erros conceptuais*, *concepcións alternativas*, *xerarquías proposicionais inadecuadas...*, que forman parte da estrutura cognitiva do alumno, e

mellorar a aprendizaxe.

3.2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS

É importante:

- entender a composición de textos inscrita dentro do proceso de construción dos coñecementos, non limitada ás actividades e probas. Dicar algo implica un coñecemento sobre esa realidade e sobre como se ten que falar dela. Todos os saberes van unidos a uns usos lingüísticos relacionados.
- ter en conta máis elementos cós externos, non só a ortografía, presentación e terminoloxía propia da materia.
- propoñer obxectivos da escrita en diferentes situacións comunicativas: convencer, informar, expoñer, opinar, demostrar... Converter o alumnado en emisor con intencionalidade.
- producir textos escritos de carácter diverso: textos creativos, textos para a vida cotiá, textos académicos como informes ou exposición de contidos, textos xornalísticos, textos de uso social.
- seleccionar textos de referencia e propoñer pequenos proxectos de escritura que impliquen a recontextualización da información adquirida. A partir de un ou de varios textos, o alumnado le detidamente a información para, logo, transformala e presentala doutro xeito, cun código expresivo distinto. Esta *transcodificación* pode tomar múltiples formas: cómic, anotacións nun diario (tamén dixital), reportaxe xornalística, informe, artigo de opinión...
- establecer unha planificación das producións que contemple o *obxectivo* e o *destinatario*, tamén no caso das producións orais (desempeño de roles, exposicións, debates...).
- acordar e deixarlle claro ao alumnado que significan verbos como:
 - Describir: enunciar calidades, propiedades, características... dun obxecto ou fenómeno.
 - Explicar: establecer relacións entre conceptos ou razóns.
 - Xustificar: producir razóns ou argumentos en relación cun corpus de coñecemento.
 - Argumentar: producir razóns ou argumentos coa finalidade de convencer.
- indicar en cada caso os pasos que hai que seguir (categorizar, nomear propiedades, introducir cambios, etc.; presentar uns feitos, formular unha hipótese, recoller unha xustificación con conector causal...) e acompañalos duns criterios de avaliación.

3.2.1. Realización de traballos de investigación

- Constitúen unha boa oportunidade para poñer en práctica de xeito integrado as habilidades relacionadas coa lectura (selección da información, síntese...) e coa produción de textos, oral e escrita.
- Convén seguir un mesmo esquema de traballo en todas as áreas en relación coa esixencia de fontes diversas, a reelaboración da información que imposibilite o *copy & paste*, a presentación escrita con índice e fontes citadas, a exposición oral organizada, etc.
- Tamén é conveniente incluír a biblioteca escolar como (un) recurso imprescindible para a localización das fontes de información variadas.
- Pode consistir na procura puntual de contidos vistos na aula, nun pequeno traballo de indagación orientado a partir de preguntas-guía, nun traballo de investigación autónomo... As producións tamén poden ser de distinto tipo: Informe, Monografía, Proxecto, Traballo de campo, etc.

3.2.2. Unha boa escrita

Os criterios de avaliación referidos á corrección lingüística que figuran nas Programacións deberán ser consensuados entre todos os departamentos, tanto no que atinxe á porcentaxe que se pode detraer como no referente aos indicadores de corrección, que deben contemplar as propiedades textuais todas.

En calquera caso, isto esixe orientar o alumnado no labor de produción achegándolle (ou remitíndoo a) unha guía de planificación textual e uns criterios de avaliación dos seus escritos. Unha proposta inicial é a seguinte.

CRITERIOS RELACIONADOS COA CONTEXTUALIZACIÓN E A ADECUACIÓN (Competencia Sociolingüística)

Guía para o alumnado	Criterios de avaliación
Prepararase a escrita atendendo os seguintes interrogantes: . para que escribo? . para quen escribo? . cal é o papel social do destinatario? . que ton e rexistro utilizar? . que información preciso?	. O texto consegue a finalidade comunicativa? . É axeitado e mantense o tratamento elixido para o destinatario? . É axeitado e mantense o nivel de formalidade? . A información e o seu tratamento (máis ou menos especializado) é adecuado ao receptor? ...

CRITERIOS RELACIONADOS COA ESTRUTURACIÓN E A COHERENCIA (Competencia discursiva)

Guía para o alumnado	Criterios de avaliación
Nesta fase, débense realizar estas tarefas: . decidir/revisar que tipo e xénero textual se vai utilizar . achegar ideas e colleitar información . seleccionar a información . decidir como estruturar as ideas e realizar o esquema inicial do texto	. A información é pertinente para a finalidade do texto? Escasa? Excesiva? . As ideas son claras e comprensibles? . As ideas están ben desenvoltas? . A información está organizada de maneira lóxica? . Cada parágrafo desenvolve unha idea? . Respecta a estrutura habitual do xénero correspondente?

CRITERIOS RELACIONADOS COA TEXTUALIZACIÓN E A COHESIÓN (Competencia discursiva)

Guía para o alumnado	Criterios de avaliación

. cómpre articular as distintas partes do texto empregando os conectores adecuados . usaranse procedementos variados para facer progresar a información: pronomes, sinónimos, adverbios... . coidarase a relación entre os tempos verbais nas diferentes partes do texto . axeitarase a puntuación, formando parágrafos regulares e fluídos	. As partes do texto están conectadas entre si? . Os conectores entre oracións están ben utilizados? . Hai diferentes mecanismos de correferencia? . É lóxico o uso dos tempos verbais? . A puntuación é correcta?
--	--

CRITERIOS RELACIONADOS COA CORRECCIÓN (Competencia lingüística)

Guía para o alumnado	Criterios de avaliación
. é importante construír ben as oracións, coidar as concordancias, usar estruturas diversas e claras . o léxico será preciso e suficientemente variado . revisarase a ortografía botando man das ferramentas necesarias . respectarase a disposición formal do texto (marxes, encabezamento...) . revisarase globalmente do texto	. Non hai erros sintácticos? . Non hai faltas ortográficas? . Non se aprecian impropiedades léxicas? . Respéctanse os aspectos formais da presentación? . Revisouse o borrador para melloralo? . A presentación é correcta (letra lexible, marxes...)?

4. Que indicadores de avaliación podemos compartir

Como para as demais competencias, deberíamos compartir todas as áreas uns indicadores que orientasen a adecuada mobilización da comunicación lingüística e a súa avaliación.

Tendo claro que avaliar competencias supón valorar procesos desenvolto a través de tarefas e que son os indicadores os que concretan en condutas observables os criterios de avaliación, propoñemos os seguintes elementos.

Dimensións e subcompetencias	Indicadores
<i>DIMENSIÓN: COMPRENSIÓN ORAL</i> 1. Identificar o sentido global de textos orais	<i>Comprende o sentido xeral do texto</i> <i>Infíre o tema do texto</i> <i>Resume o contido informativo do texto</i> <i>Diferencia as ideas principais das ideas secundarias</i>

	<i>Recoñece as relacións lóxicas entre os apartados do texto</i> ...
2.Recoñecer o propósito de textos orais	<i>Identifica a finalidade do texto.</i> <i>Identifica a intención do emisor</i> <i>Discrimina información de opinión</i> <i>Identifica a variedade lingüística empregada</i> <i>Recoñece o xénero textual</i>
3.Seleccionar en textos orais as informacións pertinentes para os obxectivos propostos	<i>Discrimina información nova</i> <i>Identifica a información relevante para o obxectivo perseguido</i> <i>Recoñece e identifica información específica</i> <i>Utiliza a información recollida para o fin perseguido</i>
4.Interpretar de maneira crítica o contido de textos orais	<i>Interpreta o contido do texto en relación cos coñecementos propios</i> <i>Interpreta o significado de elementos non lingüísticos do texto</i> <i>Realiza inferencias sobre o contido do texto</i> <i>Identifica expresións discriminatorias</i> <i>Crea unha opinión propia a partir do contido</i>
5.Utilizar estratexias para favorecer a comprensión de diversos tipos de textos orais	<i>Realiza unha escoita activa</i> <i>Realiza anticipacións sobre o contido do texto</i> <i>Utiliza diversos medios de rexistro para reter e relacionar a información</i>
<i>DIMENSIÓN: COMPRENSIÓN ESCRITA</i>	
1.Identificar o sentido global de textos escritos	<i>Comprende o sentido xeral do texto</i> <i>Infíre o tema do texto</i> <i>Resume o contido esencial do texto</i> <i>Diferencia as ideas principais das secundarias</i> <i>Reconstrúe a estrutura global do texto</i> <i>Recoñece as relacións lóxicas entre as ideas</i>
2.Recoñecer o propósito de textos escritos	<i>Identifica a finalidade do texto</i> <i>Identifica a intención do emisor</i> <i>Discrimina información de opinión</i> <i>Recoñece a variedade lingüística empregada</i> <i>Recoñece o xénero textual</i>
3.Seleccionar en textos escritos as informacións pertinentes para os obxectivos propostos	<i>Discrimina información nova</i> <i>Identifica a información relevante para o obxectivo perseguido</i>

	<i>Recoñece e identifica información específica</i> <i>Utiliza a información recollida para o fin</i> <i>perseguído</i> <i>Rexistra a información en fichas o noutros</i> <i>sistemas de recolleita de datos</i>
4. Interpretar de maneira crítica o contido de textos escritos	<i>Interpreta o contido do texto en relación cos</i> <i>coñecementos propios</i> <i>Interpreta o significado de elementos non</i> <i>lingüísticos do texto</i> <i>Realiza inferencias sobre o contido do texto</i> <i>Crea unha opinión propia a partir do contido do</i> <i>texto</i> <i>Identifica expresións discriminatorias</i>
5. Utilizar estratexias para favorecer a comprensión de diversos tipos de textos escritos	<i>Realiza anticipacións sobre o contido do texto</i> <i>Realiza inferencias</i> <i>Detecta problemas na comprensión</i> <i>Utiliza estratexias para resolver problemas na</i> <i>comprensión</i>
<i>DIMENSIÓN: EXPRESIÓN ORAL</i>	
1. Ter en conta as características da situación de comunicación	<i>Considera os intereses e coñecementos do</i> <i>receptor</i> <i>Ten en conta a finalidade do texto</i> <i>Selecciona a variedade lingüística adecuada</i> <i>Selecciona o rexistro adecuado</i> <i>Selecciona procedementos explicativos para</i> <i>facer comprensible a información.</i>
2. Planificar o proceso de produción	<i>Busca información en distintas fontes e soportes</i> <i>Selecciona a información relevante para o</i> <i>obxectivo perseguído</i> <i>Elabora esquemas como medio de organización</i> <i>da información</i> <i>Organiza o discurso</i>
3. Expresarse de xeito adecuado e correcto	<i>Exprésase con claridade, corrección e fluidez</i> <i>Usa de maneira adecuada os elementos</i> <i>prosódicos e xestuais</i> <i>Emprega estratexias para implicar o receptor</i> <i>Respecta as convencións propias do xénero</i> <i>textual</i> <i>Evita o uso de expresións discriminatorias</i>
4. Utilizar estratexias de control e de adecuación	<i>Utiliza estratexias para regular a produción</i> <i>Utiliza estratexias de autoavaliación</i>

<i>DIMENSIÓN: EXPRESIÓN ESCRITA</i> 1.Ter en conta as características da situación de comunicación 2.Planificar o proceso de produción 3.Expresarse de maneira adecuada e correcta 4.Utilizar estratexias de control e de adecuación	<i>Mostra autonomía no proceso de produción</i> <i>Considera os intereses e coñecementos do receptor</i> <i>Escolle o xénero textual adecuado en relación coa finalidade</i> <i>Selecciona a variedade lingüística adecuada</i> <i>Selecciona o rexistro adecuado</i> <i>Selecciona procedementos explicativos para facer comprensible a información</i> <i>Procura información en diversas fontes e soportes</i> <i>Selecciona a información relevante e adecuada para o obxectivo perseguido</i> <i>Utiliza técnicas de recolleita de información</i> <i>Planifica e estrutura o contido</i> <i>Respecta as características do xénero textual</i> <i>Enlaza os enunciados de xeito cohesionado</i> <i>Utiliza estratexias para mellorar a eficacia comunicativa do texto</i> <i>Respecta as normas gramaticais, léxicas e ortográficas</i> <i>Utiliza recursos lingüísticos variados: sintácticos, léxicos...</i> <i>Interésase por revisar o texto</i> <i>Evita o uso de expresións discriminatorias</i> <i>Presenta o texto de maneira adecuada e correcta</i> <i>Utiliza estratexias de autoavaliación</i> <i>Mostra iniciativa na toma de decisións</i> <i>Recoñece e soluciona as dificultades no proceso de produción do texto</i>
<i>DIMENSIÓN: INTERACCIÓN ORAL</i> 1.Participar de maneira activa e adecuada en intercambios comunicativos	<i>Ten en conta as características da situación de comunicación</i> <i>Intervén de maneira espontánea e mantén unha escoita activa</i> <i>Achega información e explicacións de xeito ordenado</i> <i>Expón un punto de vista persoal</i> <i>Contesta de maneira pertinente a preguntas sobre as súas intervencións</i> <i>Fai comentarios e preguntas pertinentes ante as intervencións dos demais</i>

.....

Fontes principais accesibles na rede:

BASTERRA, Ana: [Procesos de comprensión lectora](#), 2007

PÉREZ, María Mar (marimarpego): [Competencia en comunicación lingüística. Metodología y evaluación](#), 2008

SANMARTÍ, Neus: “Necesidad de aprender lengua desde todas las áreas”, *Cooperación Educativa*, nº 64, pp. 51-56. [En pdf](#)

ZAYAS, Felipe: [Competencia en comunicación lingüística](#), 2010
: [La enseñanza de la competencia lectora](#), 2007

VV.AA.: [Competencia en comunicación lingüística. Educación Secundaria](#), Consellería de Educación do Goberno Basco, 2008. **Moi recomendable.**

A Pobra do Caramiñal, maio de 2010